

BAREMO PARA SOCORRISTAS E PATRÓN DE EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS CON CONSIGNACIÓN PROPIA E COOPERACIÓN

A selección do citado persoal xustifícase pola necesidade urxente da contratación destes postos de duración determinada, por atender as circunstancias especiais e responsabilidades que ten o Concello do Grove, en relación a concesión de bandeiras azuis e o salvamento e seguridade nas praias.

Este proceso de selección iniciase realizando unha petición formal ao INEM para a cobertura destes postos de traballo, quedando a continuación establecidos os requisitos necesarios dos aspirantes e os criterios de valoración.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por aquel que teña maior carga familiar ou, en todo caso, por sorteo.

REQUISITOS DOS ASPIRANTES SOCORRISTAS E PATRÓN DE EMBARCACIÓNS:

- Graduado escolar ou equivalente.
- Estar en posesión do título de patrón de navegación básico PNB ou superior (para a praza de patrón), cumprir co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia para as prazas de socorrista.

BAREMO

PUNTUACIÓNS POR TITULACIÓN ACADÉMICA:

TITULACIÓNS OU CURSOS	PUNTOS
Carné Profesional de Salvamento e Socorrismo en Espazos Naturais	3
Curso DESA en vigor	1
Autorización de Patrón de Navegación Básica PNB	1
Título de Patrón de Embarcacións de Recreo PER	2
Titulacións profesionais relacionadas coa praza (patrón de pesca, litoral, cabotaxe...)	3
Cursos socorrista terrestre, primeiros auxilios (40 horas ou superior)	1
Título de doutor	3
Auxiliar de clínica	1
Curso de prevención de riscos laborais – Mínimo 50 horas	1
Carné BTP	2
Mergullador 1 *	1
Mergullador 2 *	2
Mergullador 3 *	3

PUNTUACIÓNS POR EXPERIENCIA PROFESIONAL:

EXPERIENCIA	Máxima
Por cada contrato de salvamento en praias, socorrista acuático, patrón etc.; por cada temporada de verán: 1 punto	3
Experiencia profesional de salvamento en praias como voluntario de socorrista acuático, patrón etc.; por cada temporada de verán: 0,5 puntos	3
Experiencia profesional en emerxencias sanitarias. Acreditarase con certificacións laborais; por cada 6 meses: 0,5 puntos	1
Ser voluntario de Protección Civil do Grove, debido á colaboración coa Administración pública en asuntos de interese xeral. Por cada ano: 0,50 puntos	3

ENTREVISTA PERSOAL: máximo 3 puntos

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

PROBA ESCRITA PARA PATRÓN E SOCORRISTAS

Esta proba será eliminatoria e cualificarase de 0 a 10. Consistirá en resolver un test de 19 preguntas con respostas alternativas e unha pregunta de desenvolvemento, durante un tempo total de 30 minutos.

É necesario para aprobar acadar un mínimo de 5 puntos.

Publicadas as puntuacións da proba escrita, os aspirantes que superen esta, serán citados para realizaren o seguinte exercicio práctico de carácter eliminatorio:

PROBA PRÁCTICA PATRÓN

Os aspirantes a patrón serán citados nun porto do concello para realizaren a seguinte proba:

Os aspirantes a patrón deberán realizar un exercicio que versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e/ou en porto, nas condicións esixidas polo tribunal. A puntuación máxima será sobre 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada esta.

PROBA PRÁCTICA SOCORRISTA

Os aspirantes a socorristas serán citados nunha praia do concello para realizaren a seguinte proba:

Correr 200 metros na praia, entrar no mar e nadar uns 50 metros ata o punto sinalado polo tribunal e volver ata terra noutro punto sinalado polo tribunal.

A puntuación máxima será sobre 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada a proba.

O tribunal, antes do comezo do exercicio, estipulará os tempos requiridos, tempo máximo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas, aplicando as puntuacións da proba para mulleres e homes.

A puntuación dependerá do tempo mínimo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos, tomando como referencia o do aspirante que obtivese o mellor tempo.

A puntuación máxima será sobre 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada esta proba.

TEMARIO

1. Concepto de Administración pública. Diferentes tipos de Administración central, autonómica, local e institucional.
2. Administración local. A súa configuración na Constitución. Especial referencia ao municipio. Concepto, elementos, organización. O alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno Local e comisións informativas.
3. A actuación en situación de emerxencia. Normativa en materia de emerxencias. Dereitos e deberes do persoal ao servizo do Concello do Grove.
4. Ordenanza de uso das praias do termo municipal do Grove (BOP 17 de abril do 2013). Xeografía e toponimia do termo municipal.

TEMARIO ESPECÍFICO PARA PATRÓNS:

5. Patrón de navegación básica e manexo de embarcacións.

TEMARIO ESPECÍFICO PARA SOCORRISTAS:

5. Primeiros auxilios e socorrismo en espazos acuáticos.

TRIBUNAL:

Presidente, D. Francisco Javier Novoa Juiz

Secretaria, Dna. Yovana Prol Triñanes

Vogal, D. Alfonso Estévez Salazar

Iniciado o proceso de selección, todos os anuncios serán publicados no taboleiro de anuncio e na páxina web do Concello do Grove.

O Grove, 13 de maio de 2015

O alcalde

D. Miguel A. Pérez García